

AUDITORIO

4 DE AGOSTO DE 1980

22,30 HORAS

DANSEN

de
Bertolt Brecht



IX Experiencia
de Sargadelos

Luis Leonave

DANSEN

de Bertolt Brecht

posta en galego por Miguel Pernas

Compañía LUIS SEOANE

DANSEN, Tino Rábade

FORASTEIRO, Miguel Pernas

CANTANTE, Ramón Rodríguez

Espacio musical: João Lóio

Espacio Luminoso: C. L. S.

Confección indumentaria: Feli Manzano

Espacio e Figuración: Seminario de Sargadelos

Dirección: MANUEL LOURENZO

Espectáculo orientado e montado para a IX Experiencia
de Sargadelos

BERTOLT BRECHT

- 1898. Nace en Ausburgo (Baviera), o 10 de febreiro.
- 1917. Remata o bachalerato e matricula-se nas facultades de Filosofía e Medicina. Ao tempo, acude ao seminário de Arthur Kutscher, especialista en teatro.
- 1918. É movilizado como enfermeiro no hospital de Ausburgo. Dirixe a sección de teatro do xornal de Ausburgo, «Volk-
sville», de tendencia socialista e logo comunista.
- 1922. Representa-se en Leipzig a primeira peza de Brecht:
«Baal».
En Munich estreia de «Tambores na noite».
- 1923. Estreia, en Munich, de «Na xungla das cidades».
Adaptación, en colaboración con Lion Feuchtwanger, de
«A vida de Eduardo II de Inglaterra», de Marlowe.
- 1924. Instala-se en Berlín e, xunto con Carl Zuckmayer, desem-
peña o cárrago de «Dramaturg» no «Deutsches Theater
de Max Reinhardt».
- 1928. Estreia en Berlín de «A Opera de perra gorda».
Traballa con Piscator. Monta «O bravo soldado Schweyk».
- 1929. «A Opera de perra gorda» sobrepasa as dúascentas re-
presentacións en Berlín.
- 1930. Estreia en Berlín de «O que dice si».
- 1933. Ao día seguinte do incéndio do Reichstag, Brecht coa
familia marcha para o exilio.
O 10 de maio, os libros de Brecht son queimados polos
nazis.
- 1935. Viaxe a Moscú.
Perde a nacionalidade alemana.
Estancia en N. York até 1936.
- 1937. Acude ao Congreso Internacional de Escritores, celebra-
do en París. Tema: a guerra de España.
- 1938. Primeira versión de «Vida de Galileo».
- 1939. Cando o avance nazi sobre Dinamarca, establece-se en
Suecia, na pequena illa de Lidingö.
- 1940. Deixa Suécia e pasa a Finlandia.
- 1941. Deixa Finlandia e pasa a Rúsia. Embarca nun cargueiro
sueco e chega a San Pedro de Califormia. Instala-se en
Santa Mónica, perto de Hollywood.
- 1942. Diversos traballos cinematográficos, especialmente con
Fritz Lang.
- 1943. Estancia en N. York, xunto con Piscator e outros emi-
grantes alemáns.

1944. Encontros con Charles Laughton. Enceta os traballos sobre Galileo.
1945. En colaboración con Charles Laughton, redacta a segunda versión de «A vida de Galileo».
Pon en verso «O Manifesto Comunista» de Marx e Engels.
1947. O 31 de xullo, estreia de «A vida de Galileo» (en inglés), no Teatro Coronet de Los Angeles, con escenificación de Charles Laughton.
Comparece perante a Comisión de Actividades Antiame-ricanas, en Washington.
Marcha de EE. UU. e establece-se en Suíza.
1948. En Berlín, no Deutsches Theater, representación de sete escénas de «Terror e Miserias do III Reich».
Establece-se no Berlín Este.
Traballa no «Pequeno Organón para o Teatro».
1949. O 11 de xaneiro, no Deutsches Theater, escenificación de «Nai Coraxe».
Fundación, con Helene Weigel, do Berliner Ensemble.
Publicación do «Pequeno Organón» e «O círculo de tiza caucasián», na revista Sinn und Form.
1950. Obtén a nacionalidade austriaca.
O 9 de outono, estreia en Munich de «Nai Coraxe».
Elexido membro da Academia das Artes de Berlín.
1951. Textos teóricos: «A dialéctica no teatro».
1952. O 16 de novembro, o Berliner Ensemble presenta «Os fusís da nai Carrar», no Deutsches Theater.
1953. Intercede polo matrimonio Rosenberg.
Carta a Walter Ulbricht, na que expresa a súa solidari-dade co réxime.
1954. O Berliner Ensemble deixa o Deutsches Theater e ins-tala-se no Theater Am Schiffbauerdam. O 7 de outono estreia nel o «Círculo de tiza».
Prémio Stalin.
1955. Intervención, en Dresden, no Congreso de Partidários da Paz.
Viaxe a Moscú para recibir o Prémio Stalin.
1956. Participa no IV Congreso de Escritores Alemáns.
Carta ao Bundestag de Bonn, contra do rearme da Ale-mánia Federal.
O 14 de agosto morre no seu domicilio de Chaussees-trasse.
O 18 de agosto, homenaxe fúnebre do Berliner Ensemble a Brecht. Interven: Georg Lukács, Johannes R. Becher e Walter Ulbricht.

COMPANHIA LUIS SEOANE

A **Compañía Luis Seoane** foi recentemente creada por un fado de profesionais do teatro galego en réximen de Sociedade Cooperativa. Ten en proxecto a instalación dunha sala de teatro na Coruña, que se chamará Teatro Luis Seoane. Os seus obxectivos están encamiñados a contribuir á normalización do teatro en Galicia, ampliando as súas perspectivas en varios aspectos: teoría, experimentación e creación, revisión da vella literatura dramática galega e promoción da nova, relación coa dramaturxia universal, apertura dunha vía profesional ao teatro galego, etc.

MANUEL LOURENZO

Naceu nas terras luguesas do Valadouro fai trintasete anos. Fixo a carreira de Maxisterio e, logo dunha estadía de dous anos en Alemania (1962-64), alterna o seu labor de ensinante coa adicación ao teatro. Fundou o «Grupo Teatral O Facho» e o «Teatro Circo de Artesáns», tendo realizado montaxes teatrais con obras de Castelao, Frisch, Muñiz, Ionesco, Strindberg, Brecht, Rosalía, R. Ruibal, etc. Director, autor teatral, conferenciante, Manuel Lourenzo é un dos fundadores da Compañía LUIS SEOANE, e un dos animadores teatrais máis importantes da Galicia da posguerra. Foi, tamén, un dos fundadores da «Escola Dramática Galega», con sede na Coruña.

A IX Experiencia de Sargadelos conta cunha axuda da Dirección
General del Patrimonio Artístico, Archivos y Museos.